



Expediente número: PLN/2017/7

**Sesión Ordinaria 8/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 27 de xullo de 2017**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 7/2017 do 28/06/2017
2. Toma de posesión como Concelleiro de Noe Cano Correa
3. Toma de posesión como Concelleiro de Juan Roberto Darriba Ferradas
4. Dar Conta da Renuncia de Enrique Fojo Duran a pertencer ao Grupo Político Municipal Redondela PODE (PODER)
5. Dar Conta do novo Voceiro do grupo AER
6. Dar conta do Estado de Execución do segundo trimestre do ano 2017
7. Dar Conta Expediente de Modificación de Crédito: 11/2017.TC05/17, 12/2017.TC06/17, 13/2017.TC07/17, 14/2017.GC04/17, 15/2017.GC05/17 e 16/2017.TC08/17
8. Aprobación Expediente Modificación de Crédito 17/2017.CE 1/17
9. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial por un importe de 2.833,45 €
10. Aprobación da modificación do Anexo do Convenio Colectivo do persoal ao Servizo do Concello.
11. Aprobación a adhesión á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE
12. Actividades de control do pleno.
 - 12 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.
 - 12 . 2 Solicitudes de comparecencia.
 - 12 . 3 Mocións.
 - 12 . 4 Rogos e preguntas.
13. Renuncia ao seu posto de concelleiro Jose Bernardo Crespo Abal



No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 1.804/2017 de data 21 de xullo de 2017, e sendo as vinte horas do 27 de xullo de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro
María José Barciela Barros
María Teresa París Blanco
María del Carmen Amoedo Dasilva
Ángela Antón Pazos
Jesús Crespo López
Julio César Mougán Vázquez
Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

GPM PSOE

Mauro Álvarez Castro
Ana Isabel Rey Gómez
Eduardo José Reguera Ocampo
Isaac Borja Araujo Figueroa
Leonardo Cabaleiro Couñago
Digna Rosa Rivas Gómez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez
Noe Cano Correa (toma posesión no punto 2)
José Roberto Darriba Ferradás (toma posesión no punto 3)
José Bernardo Crespo Abal (cesa ao remate da sesión)

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo



GPM INDEPENDIENTE

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera; actuando como secretaria, a secretaria do concello, Nuria Lobato Del Río que da fe do acto.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

INCIDENCIAS:

1.- Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e da violencia contra a infancia.

2.- O alcalde sinala que o primeiro xoves de setembro celebrese sesión ordinaria do pleno que será convocada oa efecto no prazo regulamentario

3.- O Alcalde fai un receso (reunión voceiros dos grupos, presidencia e interventor do concello) ás 20 horas e 55 minutos do expresado día reanudándose a sesión ás 21 horas e 10 minutos)

4.- O Alcalde fai un receso (descanso) ás 22 horas e 35 minutos do expresado día reanudándose a sesión ás 23 horas.

1.Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 7/2017 do 28/06/2017

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 7/2017 do 28/06/2017

Se formulan as seguintes observacións:



1.- Polo concelleiro Covelo Miguez onde solicita as seguintes modificacións nalgunha da súas intervencións do seguinte xeito:

“PÁXINA 9

O sr. Covelo Miguez reitera a súa preocupación polo mantemento do servizo de transporte de viaxeiros e lembra que hai uns meses existía unha ameaza de deixar de dispensar billetes na estación de Redondela.

Respecto da moción formulada no senado á que se alude no debate ten constancia dela e do traslado da proposta, pero non sabe se sé votou ou reiterou.

Respecto á boa nova da obra á que alude a sra. Amoedo sinala que AER ~~celebrou a nova~~ ~~pero~~ ~~estivo a apiques de celebrar a nova~~ pero acordáronse da desfeita da ampliación da AP9 realizada polo mesmo Ministerio de Fomento, polo que non hai nada que celebrar. Considera que debe facerse unha labora seria e responsable de avaliación, seguimento e impacto da mesma vendo outras actuacións de fomento.

PÁXINA 13

O sr Covelo Miguez clarexa que a moción non pretende xerar alarma senón recoller as demandas que de lonxe manifestan as asociacións e a preocupación desta pola súa ubicación para o desenvolvemento da súa actividade.

~~Considera que debería facerse unha distribución mais razoada que evita deixar ocos libres existindo demanda de utilización dos colectivos e asociacións.~~

Considera que é totalmente posible facer unha distribución das actividades e usos dos locais actuais aproveitando os ocos libres nas diferentes aulas, quedando aulas libres para o local compartido demandado. Que AER estudou os usos das diferentes aulas do multiusos e que ve viable reorganizar e optimizar o seu uso.

PÁXINA 13

O sr. Covelo Miguez considera que as pretensións formuladas na moción son de resposta sinxela, non susceptible de xerar frustracións, sempre que exista vontade política e un mínimo de organización e programación que permita identificar espazos que cubran necesidades para consolidar un local compartido e dinámico.

O local petitionado na moción para a xestión compartida permite moitas posibilidades ás asociacións xa que dispón dun almacén e saída posterior.

Respecto as enmendas propostas pola sra. Rey e o sr. González considera que a moción debe permanecer inalterada por ser o traslado das demandas das asociacións. ”

A secretaria do concello solicita, da presidencia, a palabra para manifestar que no exercicio da función pública consistente na elaboración da acta deben recollese de forma sucinta as intervencións dos concelleiros e que as modificacións unicamente se



realizaran cando concorran erros materiais ou de feito sen perxuízo de que sexan recollidas as observacións que os concelleiros desexen realizar.

2.- Pola concelleira Paris Blanco, realiza unha observación relativa á intervención da sra. Amoedo que figura na páxina 16 da acta relativa ás actuacións instadas no colexio de Santa María, onde dixo que cando se desprazou ao centro a falar coa directora do mesmo, deu opción ao sr. Reguera de participar na reunión.

Por outra banda solicita a rectificación dun erro de feito advertido na páxina 21 do borrador da acta, na resposta dada polo sr. Álvarez Ballesteros á pregunta do PSdG-PSOE relativo a calidade da auga na praia de Arealonga (Rex. Entrada 26.06.2017, 2017-E-RE-301), consistente en que onde di “ *non esta prohibido a auga*” debe dicir “*non esta prohibido o baño*”

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación o borrador da acta núm. 07/17, da sesión ordinaria, correspondente ao mes de maio, celebrada polo Pleno da corporación municipal o 28.06.2017 coa rectificación do erro material advertido na resposta dada polo sr. Álvarez Ballesteros á pregunta do PSdG-PSOE relativo a calidade da auga na praia de Arealonga (Rex. Entrada 26.06.2017, 2017-E-RE-301).

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase, coa rectificación do erro material advertido na resposta dada polo sr. Álvarez Ballesteros á pregunta do PSdG-PSOE relativo a calidade da auga na praia de Arealonga (Rex. Entrada 26.06.2017, 2017-E-RE-301)), consistente en que onde di “ *non esta prohibido a auga*” debe dicir “*non esta prohibido o baño*”, *por unanimidade dos/as concelleiros/as*.

2.Toma de posesión como Concelleiro de Noe Cano Correa

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro NOE CANO CORREA, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, o concelleiro electo NOE CANO CORREA toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.



3.Toma de posesión como Concelleiro de Juan Roberto Darriba Ferradas

Recibida da Xunta electoral central a credencial correspondente ao concelleiro JUAN ROBERTO DARRIBA FERRADAS, o cal procedeu a cumprimentar na secretaría do Concello a pertinente declaración de intereses e posibles causas de incompatibilidade, procede que se incorpore á sesión aos efectos de formular o xuramento ou promesa do seu cargo.

Verificado o anterior, o concelleiro electo JUAN ROBERTO DARRIBA FERRADAS toma posesión do seu cargo de concelleiro a todos os efectos.

4.Dar Conta da Renuncia de Enrique Fojo Duran a pertencer ao Grupo Político Municipal Redondela PODE (PODER)

Dáse conta do escrito presentado polo concelleiro FOJO DURAN o 29.06.2017 manifestando a súa renuncia á adscrición ao grupo político municipal do PARTIDO POLÍTICO REDONDELA PODE (PODER) pasando a todos os efectos a ser considerada como concelleiro non adscrito da corporación municipal ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

O Pleno da corporación municipal queda enterado.

5.Dar Conta do novo Voceiro do grupo AER

Dáse conta do escrito presentado o 07.07.2017 manifestando a designación como voceiro do grupo municipal de AER ao concelleiro XOSE COVELO MIGUEZ.

O Pleno da corporación municipal queda enterado.

6.Dar conta do Estado de Execución do segundo trimestre do ano 2017

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-19.07.17.1 de data 19 de xullo de 2017 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 2º Trimestre do ano 2017, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.



O Pleno da corporación municipal queda informado.

7.Dar Conta Expediente de Modificación de Crédito: 11/2017.TC05/17,12/2017.TC06/17,13/2017.TC07/17,14/2017.GC04/17,15/2017.GC05/17 e 16/2017.TC08/17

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 11/2017.TC05/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 19.750,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 22.05.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 12/2017.TC06/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 3.000,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 05.06.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 13/2017.TC07/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 16.500,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 06.06.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 14/2017.GC04/2017 mediante a xeración de crédito por importe de 20.325,58 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 14.06.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 15/2017.GC05/2017 mediante a xeración de crédito por importe de 21.767,90 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 06.07.2017.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 16/2017.TC08/2017 mediante a transferencia de crédito por importe de 12.000,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 13.07.2017.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

8.Aprobación Expediente Modificación de Crédito 17/2017.CE 1/17

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión de data 21/07/2017 que dí:



“Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/07/2017, que transcrita di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma crédito extraordinario, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento o remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do ano 2016.

Visto o informe da Intervención de 19 de xullo de 2017 con referencia ASR-19.07.17.2 con dez páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario de crédito:

Crédito extraordinario

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
1532A/619000 2	Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2017	0 €	943.830,52 €	943.830,52 €
1711A/6190000	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2017	0 €	100.000 €	100.000 €
1722A/609000 0	Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2017	0 €	59.517,43 €	59.517,43 €

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Páxina: 8

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Terceiro.- *Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.*

Cuarto.- *Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.”*

Votacións e Ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, cos votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais de AER, PSG-PSOE e BNG estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos e relaciona as intervencións que resultarían de aprobarse esta modificación orzamentaria consistentes en obras pavimentación, actuacións en parques e a urbanización da finca da Ginaria para a construción do novo colexio de Igrexa, aparcamento na alameda de Chapela, humanizacións e acondicionamentos de camiños en varios lugares, modificacións de beirarrúas e acondicionamentos de rúas, alameda de Redondela, posta en valor do río Maceiras para finalizar o sendeiro

Remata manifestando que o presente asunto demostra a boa situación económica e é o resultado de dispor dunha situación saneada da facenda municipal.

O concelleiro González Campo considera que se trata dunha modificación de crédito moi importante que debería haber ido acompañada dunha explicación máis detallada por parte do goberno hacia os grupos da oposición sobre o modelo de Redondela que pretende o alcalde.

Considera que as actuacións pretendidas non seguen unha liña de actuación integral que permita verificar a mellora das condicións de habitabilidade para a cidadanía e hai actuación en materia de saneamento e patrimonio que non se recollen.

Lle gustaría estudar os proxectos e recorda á voceira do grupo de goberno, no que respecta á urbanización da Genaría, que levan esperando dende febreiro a ser convocados a unha comisión de estudo do proxecto que non chegou a convocar.

Por outra banda, o interventor, no seu informe, advirte da esixencia de garantir a estabilidade orzamentaria e no seu caso, sinala o risco de ter que aprobar un plan económico financeiro.



O concelleiro Darriba Ferradás. Anuncio o voto en contra do seu grupo e comparte, en gran medida, a intervención do concelleiro do GPM do BNG. Pregunta polos proxectos e o custe dos mesmos.

Descoñece se existe un compromiso certo e real que garante a execución das obras relacionadas mais alá da modificación orzamentaria que se somete a debate e aprobación. ¿Qué pasará se os proxectos non se executan?

Respecto á urbanización da Ginaria se encarga un plan a María Leboreiro sen saber o custe e o contido concreto das obras de urbanización.

Respecto aos camiños, recorda ao goberno que o GPM de AER fixo unha proposta para facer un plan de humanización dos camiños pero descoñecen o criterio que segue o goberno para seleccionar as actuacións concreta e consideran que non dispón dun plan nin intraparroquial, nin interparroquial.

O concelleiro Álvarez Castro se dirixe á sra Amoedo para preguntarlle a qué actuacións concretas se refire cando sinala na súa intervención “entre outras obras”, despois de relacionar as que identificou

O Alcalde resposta que non hai ningunha máis

O concelleiro Álvarez Castro, manifesta que a modificación parte dun remanente de crédito que non foi gastado. Considera que o goberno xestiona pero non executa, nin aforra nin gasta.

Respecto ao proxecto da Ginaria, sinala que xa no ano 2016 estaban previstos uns 600.000 euros o que significa que xa daquela existía previsión para executar a inversión e aínda está sen executar.

Recorda que daquela a sra Amoedo dixo que saldría practicamente gratis a urbanización e agora o están a propor unha modificación de crédito que demostra que non sairá gratis.

O Alcalde clarexa que se trata, con esta proposta, de facer unha incorporación de remanente de tesourería que esta regulado por lei e neste pleno se fai relación das obras.

O concelleiro Crespo Abal intervén para manifestar que debe ser a sra. Amoedo que xustifique a proposta .



O Alcalde clarexa que o regulamento lle permite intervir e que informa e clarexa a proposta que se somete a debate. Sinala que estes cartos deben autorizarse no presente ano e as bases para licitar o proxecto de urbanización da Ginaria están ultimándose para cumprir os prazos e o remanente de crédito permite dispor de crédito suficiente para realizar a actuación sen necesidade de acudir ao endebedamento.

A concelleira Amoedo Dasilva, resposta ao sr. Darriba sinalando que case a metade do modificado se destina á urbanización e humanización dos accesos da finca da Ginaria e a obras de urbanización.

Considera que a existencia do remanente é un dato positivo e recorda que dende hai 6 anos están coas contas en azul.

Ao sr, González lle acusa de demagogia e dille que o goberno optimiza os seus recursos e o remanente é froito das boas contas. Sinala que o proxecto da Ginaria o coñecen e respecto da documentación do resto das actuacións están accesibles e existen documentos técnicos. As actuacións relacionadas foron solicitadas e reclamadas pola veciñanza.

Considera unha irresponsabilidade dos GPM de AER e BNG non aprobar a modificación.

O concelleiro Fojo Duran manifesta que o goberno non contempla inversión en áreas tan importantes como asuntos sociais e considera que o remanente non é un premio senón unha manifestación de que o goberno deixou de inverter.

O concelleiro González Campo considera que se as inversións son demandas da veciñanza entón non é o goberno quen xestiona. Falan de orzamentos participativos e logo aproban inversións a través dun modificado creando unha dinámica viciosa.

Dilatan os prazos e perden meses de tramitación, se houberan empezado no mes de febreiro e houberan convocado a comisión de seguimento os proxectos poderían xa estar en marcha .

Hai actuacións como a estrada de Vilar, estrada moi frecuentada e deteriorada e non se contempla. Tamén hai actuacións de saneamento esquecidas e vivendas sen saneamento e deben inverter no edificio de servizos sociais.

O concelleiro Darriba Ferradás sinalan que por un lado manifestan que os proxectos e a documentación se atopa no concello pero non convocan a comisión para tratala. Por outra banda, sinalan que son as demandas da veciñanza as que levan a seleccionar as inversións pero considera que hai demandas e necesidades ás que non dan resposta.



Reitera que o goberno actúa sen criterio, nin planificación e pregunta qué pasara se o diñeiro non se gasta?, se perderá?, cómo se contrataran as obras? Por que entende que de ser aprobada a modificación, o pleno perderá o control da contratación, deixara de ser competencia plenaria ou deixaran que se decidan en comisións de seguimento os modelos de contratación das obras?

O Alcalde dá a palabra ao interventor para que clarexe, dende un punto de vista técnico, as cuestións plantexadas relativas á modificación.

O interventor do concello manifesta que as actuacións que resultarían da modificación orzamentaria deben entenderse como unha lista pechada. Respecto as cantidades que, no seu caso, non se gasten pode ser o resultado de que ao remate do exercicio, o 31 de decembro, non estea executado, puidendo incorporarse ao exercicio seguinte, sempre cumprindo unhas condicións, ou que non se execute parte do crédito por outras razóns como, por exemplo, por baixas na licitación que sería un aforro para o concello e non se perde.

O concelleiro Álvarez Castro clarexa que na súa primeira intervención manifestou que unha das partidas nas que colaboraba este asunto, era a de emerxencia social.

Considera que os números non son azuis senón negros e a sra. Amoedo omitiu parte de verdade. Formula moitos proxectos, como a remodelación da alameda, pero nun recente BOP se publica anuncio relativo á renuncia do concello a obras no pavimento da alameda. Esa é a súa boa xestión cando non executan e renuncia a axudas.

Desconfía dos seus proxectos e da súas contas e non lle darán o seu apoio e será unha boa medida para discutilos e consensualos.

O Alcalde clarexa que o prazo de execución das obras son o 31 de decembro deste ano e a tramitación do modificado require de exposición ao público e na comisión se falou de levalo a un pleno extraordinario xa que os prazos conducen a ter que axustar os tempos para garantir a execución das inversións. A documentación relativas ás obras sempre estiveron a disposición dos concelleiros. Se poden celebrar comisións para estudar e consensuar actuacións pero os prazos son os que son e están marcados pola normativa.

A concelleira Amoedo Dasilva dirixese ao sr. Fojo e manifesta que sigue na liña da súa antecesora do non polo non, e recordalle que ten unha responsabilidade como concelleiro deste pleno.



Manifesta que o goberno ten criterio porque do contrario non tería nin as contas claras nin os proxectos listos, nin as liñas de actuación definidas. Ten criterio, os informes favorables dos técnicos e a realidade e que a oposición manipula os datos.

Os cartos se inverten en prestacións para os veciños para facer obras nas estradas e espazos públicos e os proxectos están listos e non os miraron. A responsabilidade e dos concelleiros para aprobar esta modificación.

O Alcalde concede un receso para manter unha reunión dos voceiros co interventor para explicar por que non é bo deixar sobre a mesa este asunto.

Sendo as 20,55 horas se produce un receso na celebración da sesión que remata ás 21,10 horas)

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta da Alcaldía relativa á aprobación aprobación inicial o Expediente de Modificación de Crédito 17/2017.CE 1/17

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría dos concelleiros do Pleno, 9 votos a favor (9 do PP), 6 en contra (4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 6 abstencións (6 do PSdeG-PSOE) do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario de crédito:

Crédito extraordinario

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
1532A/6190002	Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2017	0 €	943.830,52 €	943.830,52 €
1711A/6190000	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens	0 €	100.000 €	100.000 €



APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
	destinados ó uso xeral IFS2017			
1722A/6090000	Outras inversións novas en infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2017	0 €	59.517,43 €	59.517,43 €

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.

Xustificación da abstención. O voceiro do GPM do PSdeG-PSOE xustifica a abstención do seu grupo na transcendencia do proxecto de humanización e urbanización da finca da Genaría á que queda vinculada este expediente de modificación de crédito.

9. Aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial por un importe de 2.833,45 €

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión de data 21/07/2017 que di:

“Vista a Proposta da Presidencia, de data 19/07/2017, que transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento extraxudicial.



A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 19 de xullo de 2017, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 2.833,45 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
Xacobo Alján Figueroa	2017FAC/33	21-06-17	689,70 €	1531A.22799
Recambios Ochoa, S.L.	14806	13-12-16	5,32 €	1531A.22699
Recambios Ochoa, S.L.	14807	13-12-16	9,01 €	3341A.22699
IES Mendiño	-----	28-11-16	2.100,00 €	3421A.22100
Recambios Ochoa, S.L.	10666	12-09-16	29,42 €	1531A.21400

Votacións e Ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, cos votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais de AER, PSG-PSOE e BNG estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta da Alcaldía, relativa á aprobación dun Recoñecemento Extraxudicial de Créditos por importe de 2.833,45 €.



VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría dos concelleiros do Pleno, sendo 17 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 4 abstencións (de AER) do seguinte xeito:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 2.833,45 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2017:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
Xacobo Alján Figueroa	2017FAC/33	21-06-17	689,70 €	1531A.22799
Recambios Ochoa, S.L.	14806	13-12-16	5,32 €	1531A.22699
Recambios Ochoa, S.L.	14807	13-12-16	9,01 €	3341A.22699
IES Mendiño	-----	28-11-16	2.100,00 €	3421A.22100
Recambios Ochoa, S.L.	10666	12-09-16	29,42 €	1531A.21400

10. Aprobación da modificación do Anexo do Convenio Colectivo do persoal ao Servizo do Concello.

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión de data 21/07/2017 que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía, de data 19/07/2017, que transcrita di:

“Mediante proposta de alcaldía de data 17 de xullo dos correntes se iniciou formalmente o procedemento administrativo para a modificación puntual do Convenio colectivo do persoal do concello de Redondela (BOP.PO núm. 248 de 26.10.1991) (CC) no senso sinalado no encabezamento desta proposta.



Dita modificación puntual, que afecta única e exclusivamente ao anexo do mesmo, resulta da vontade negociadora ao respecto da determinación da remuneración pola realización de servizos extraordinarios como horas de traballo efectivo ao longo das cales o traballador realiza unha ocupación real, efectiva e actual, pero que sobrepasan a xornada ordinaria fixada legal ou convencionalmente, acreditada na sesión celebrada pola mesa xeral de negociación en data 12/06/2017.

Esta nova determinación responde á necesidade de revisar e actualizar a categorización dos servizos extraordinarios establecendo novas tipoloxías axeitadas á realidade do funcionamento da totalidade dos servizos, ordinarios e especiais, atribuíndo a correspondente valoración.

As modificacións do anexos propostas por unanimidade no seo da mesa de negociación supón o seguinte respecto ao texto inicial do convenio do persoal do concello:

a.- Amplía a franxa horaria na que poden realizarse servizos extraordinarios de 8 hrs a 22 hrs , en lugar da franxa de 15 hrs a 22 hrs, prevista no texto inicial, o que permite recoñecer como servizos extraordinarios os realizados fora da xornada habitual por persoal cuxas funcións se exercen na prestación de servizos especiais que non responde á xornada ordinaria, toda vez que está franxa horaria non se atopaba contemplada coa redacción orixinaria do texto.

b.- O apartado 3º do anexo relativo aos servizos realizados en sábado non laborable, domingo e festivo, aínda que se mantén sofre unha modificación por mor da regulación do novo apartado 4º da proposta no senso de distinguir, aos únicos efectos da remuneración, entre servizos extraordinarios diurnos (de 8 a 0 horas) realizados nestas datas (sábado non laborable, domingo e festivo) que se aboarán do mesmo xeito (hora ordinaria cun incremento do 100%), e os nocturnos realizados entre as 0 horas e as 8 da mañana realizados nestas datas (sábado non laborable, domingo e festivo) que se aboarán de xeito distinto (hora ordinaria cun incremento do 200%)

c.- Elimínase a redacción contida no apartado 4º do texto orixinal e se substitúe por unha nova categorización de servizos extraordinarios que supón, además do relacionado no parágrafo anterior, a introdución dunha nova categoría de servizo extraordinario pola prestación de servizos fora da xornada habitual en datas con características especiais (nadal/noiteboa, navidade e fin de ano e festas populares con arraigo no termo municipal/entroido e festas patronais).



Considerando que as modificacións que se pretendas levar a efecto durante a vixencia dun Convenio require, para a súa aprobación, a mesma tramitación que a do Convenio e/ou Pacto ou Acordo anterior.

Logo da emisión dos informes da secretaria e interventor do concello e en aplicación do disposto no artigo 2 do convenio colectivo do persoal ao servizo do concello que establece o compromiso das partes de revisar e renovar os acordos contidos nel, 85 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar o anexo do CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO relativo á valoración pola realización de servizos extraordinarios fóra da xornada habitual de traballo do persoal laboral e funcionario ao servizo do concello de Redondela do seguinte xeito:

1.ª) Hora extra traballada entre as 08:00 e as 22:00 horas:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 50%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de hora e media.

2.ª) Hora extra traballada entre as 22:00 e as 08:00 horas:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de dúas horas.

3.ª) Hora extra traballada en sábados non laborais, domingos e festivos:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de dúas horas.

4.ª) Cada hora traballada nos seguintes periodos terá o valor dunha hora normal incrementada no 200%, é dicir, cada hora traballada terá o valor de tres horas:

-Sábados, domingos e festivos: Das 00:00 ata as 08:00 horas

-1 e 6 de xaneiro



-Martes de Entroido, no caso de que se celebre.

-Xoves e Domingo da Coca

-Domingo de Entroido de Verán, no caso de que se celebre.

-24, 25 e 31 de decembro

O número máximo de horas que se retribuirán con este valor será de 8 horas mensuais por traballador. As horas que excedan deste máximo serán retribuídas de acordo co estipulado nos apartados anteriores.

SEGUNDO- Ordear a publicación do correspondente anuncio comprensivo do acordo que, no seu caso, sexa adoptado, no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOP.PO).

A modificación puntual do convenio colectivo do persoal ao servizo do concello de Redondela, que afecta única e exclusivamente ao anexo do mesmo, surtirá efectos a partir da publicación do correspondente anuncio no BOP.PO

Votacións e Ditame.-

A Comisión Informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, cos votos a favor do grupo municipal do PP, e as abstencións dos grupos municipais de AER, PSG-PSOE, BNG e o Concelleiro non adscrito, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira Amoedo Dasilva xustifica a proposta no seus propios termos.

O concelleiro González Campo manifesta que, como organización, están en contra da realización de servizos extraordinarios por entendelos contrarios á creación de emprego; por outra banda entende que esta proposta é froito da negociación colectiva no seo da mesa de negociación.

Engade que estes servizos poden converterse nunha práctica habitual e considera que esta práctica afecta negativamente a calidade na prestación dos servizos públicos xunto coa prohibición de realizar contratacións imposta polo partido ao que representa o goberno do concello dende o goberno estatal coas leis que aproban neste senso.

Remata manifestando o seu apoio pero facendo seguimento do mesmo.



O concelleiro Darriba Ferradás manifesta que seguen incrementándose sen control a realización de servizos extraordinarios, especialmente en determinados servizos municipais, e se trata dun tema controvertido moitas veces tratado no pleno, dende onde se insta do goberno un maior control e melloras na organización dos servizos e dos efectivos asignados para evitar o seu habitual dos servizos fora da xornada habitual de traballo.

Neste senso sinala as continuas advertencias feitas dende a intervención do concello que leva a formulación de reparos á nómina baseadas, entre outros, na realización de actuacións fora da xornada solicitándose despois de terse realizado o servizo, carácter habitual e reiterado, sen mediar previa solicitude de existencia de crédito o que leva a pensar que existe unha desafección e indiferenza polo goberno e unha falta de control de ningún tipo.

Nos listados de xuño se advirte traballos como podas, limpeza, mantementos de vehículos, ITV cunha acumulación sospeitosa de non ser legais. Hai un empregado que traballo 14,5 horas e nun prazo de 5 días traballo 39,5 horas.

Independentemente de que solo contan coa oposición cando hai dificultades e desacordos, poderían contar con representantes da oposición e non soamente cambiar o criterio cando ten unha moción aprobada por unanimidade.

O concelleiro Cabaleiro Couñago considera que para que as horas extraordinarias sexan reguladas adecuadamente habería que facer unha planificación previa. Se trata de crear unhas condicións para garantir os dereitos dos traballadores. Facilitaría dispor dunha RPT adecuada. Ao grupo socialista lle satisface o acordo da mesa pero considera que o goberno debería ter un maior control, evitar que se convertan en estruturais e que sexan realizadas de xeito continuado.

Preguntaron dende hai tempo por un cronograma de servizos e se lles respondeu que non existían. As horas extra deben ser as xustas e necesarias. So se fala de remuneración económica pero existe a previsión de cambiar tempo por tempo para poder garantir a conciliación.

A concelleira Amoedo Dasilva considera contraditoria a intervención do sr. González xa que di que votara a favor polos sindicatos pero non está dacordo.

Ao sr Darriba dille que a proposta é o resultado do consenso cos sindicatos.



O Alcalde engade que as xuntanzas que deron lugar a este acordo eran entre os representantes do goberno local e os dos traballadores e que as que deron lugar a RPT participaron os grupos da oposición e tamén falon deste tema.

A concelleira Amoedo Dasilva reitera que se trata dunha proposta consensuada cos sindicatos. Na compensación de tempo por tempo non hai problema pero a maioría dos traballadores prefiren optar pola remuneración económica. Hai RPT.

Esta proposta é boa e esixe a adaptación a unha realidade.

O concelleiro González Campo di que o goberno ameaza aos traballadores e agora lles compensa con esta proposta.

O concelleiro Darriba Ferradás manifesta que o tempo por tempo esta contemplado no convenio e di que debe ser preferente.

Como conclusión, bota en falta que non se lles chamara. Fan unha modificación puntual do convenio sen atender á problemática e recorda que os informes que acompañan á proposta falan da necesidade de ter en conta o montante global e os límites orzamentarios.

O concelleiro Cabaleiro Couñago apoia a proposta pero desconfía do goberno na súa utilización xa que as horas extra o son para cuestións moi puntuais que esixen retribuír eventualidade e deben programar e ordenar o traballo e hai concelleiros que suplantam o traballo dos técnicos e non deixan traballar aos empregados.

Piden un traballo de calidade onde unha familia poda vivir dun traballo digno pero a situación actual tamén é consecuencia da reforma laboral do PP.

A concelleira Amoedo Dasilva manifesta que si o sr. González considera que hai situacións de acoso debe denuncialas.

Por outra banda considera que demostrado que os dos concelleiros de vías e obras do goberno municipal do PP puxeron o nivel moi alto non como do goberno anterior.

O PSOE non tiña RPT en Redondela.

Os sindicatos non falon co sr. González porque non fala con ninguén.

O sr. Fojo non fixo nada.

Ao sr Darriba, di que se fan os servizos deben realizarse e en moitos casos e habitual porque é irremediable. Os traballadores están contentos con este acordo.



Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta da Alcaldía relativa á aprobación da modificación do Anexo do Convenio Colectivo do persoal ao Servizo do Concello.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría dos concelleiros do Pleno, sendo 17 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito) e 4 votos en contra (de AER), do seguinte xeito:

1º.- Modificar o anexo do CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO relativo á valoración pola realización de servizos extraordinarios fóra da xornada habitual de traballo do persoal laboral e funcionario ao servizo do concello de Redondela do seguinte xeito:

1.^a) Hora extra traballada entre as 08:00 e as 22:00 horas:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 50%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de hora e media.

2.^a) Hora extra traballada entre as 22:00 e as 08:00 horas:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de dúas horas.

3.^a) Hora extra traballada en sábados non laborais, domingos e festivos:

Terá o valor dunha hora normal incrementada no 100%, é dicir, cada hora traballada dentro de tal horario, terá o valor de dúas horas.

4.^a) Cada hora traballada nos seguintes periodos terá o valor dunha hora normal incrementada no 200%, é dicir, cada hora traballada terá o valor de tres horas:

-Sábados, domingos e festivos: Das 00:00 ata as 08:00 horas

-1 e 6 de xaneiro

-Martes de Entroido, no caso de que se celebre.



-Xoves e Domingo da Coca

-Domingo de Entroido de Verán, no caso de que se celebre.

-24, 25 e 31 de decembro

O número máximo de horas que se retribuirán con este valor será de 8 horas mensuais por traballador. As horas que excedan deste máximo serán retribuídas de acordo co estipulado nos apartados anteriores.

SEGUNDO- Ordear a publicación do correspondente anuncio comprensivo do acordo que, no seu caso, sexa adoptado, no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOP.PO).

A modificación puntual do convenio colectivo do persoal ao servizo do concello de Redondela, que afecta única e exclusivamente ao anexo do mesmo, surtirá efectos a partir da publicación do correspondente anuncio no BOP.PO

11.Aprobación a adhesión á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda na súa sesión de data 21/07/2017 que dí:

“Punto único.- Aprobación da adhesión á Estratexia de Promoción da saúde de Prevención no sistema Nacional de Saúde (SNS).

Proposta de adhesión á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (SNS) que se somete ao Pleno do Concello de Redondela.

A ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (SNS) persegue a promoción da saúde e a prevención co obxectivo de gañar anos de vida en boa saúde e libre de discapacidade.

Esta Estratexia propón o desenvolvemento progresivo de intervencións identificadas como boas prácticas e baseadas na evidencia científica. Están dirixidas a promover a saúde, previr as enfermidades, as lesións e a discapacidade, actuando de maneira integral durante todo o curso da vida sobre factores como a actividade física, a alimentación, o tabaco, o alcohol e o benestar emocional, tendo en conta os contornos nos que vive a poboación e cunha vocación de universalidade das intervencións.



As actuacións que se porán en marcha nunha primeira fase céntranse en:

1. Facilitar unha información de calidade para que todas as persoas poidan desenvolver estilos de vida saudables; é dicir, recomendacións e apoio á cidadanía sobre como facer que os seus estilos de vida sexan máis saudables. A isto denomínase na Estratexia como “consello integral en estilos de vida saudables”.

2. Facilitarase información e colaboración dos recursos (sanitarios ou non) dispoñibles na zona para promover estilos de vida máis saudables; isto é o que se denomina “vincular o consello en estilos de vida aos recursos comunitarios”. Deste xeito, coordinaranse os recursos ofrecidos no contorno sanitario, cos dispoñibles na comunidade e no contorno educativo.

3. Focalizaranse estas accións na poboación infantil, durante o embarazo e a lactancia e na poboación adulta.

4. Para a poboación maior de 70 anos, desenvolveranse plans de seguimento individualizado para a mellora da saúde e de prevención da fragilidade, entendida como unha situación de maior vulnerabilidade e de risco para a discapacidade e dependencia nas persoas maiores. A finalidade é que a poboación maior manteña o maior nivel de autonomía o máximo de tempo posible.

O ámbito local considérase un contorno esencial para a Estratexia e para gañar saúde no municipio. Os gobernos locais temos unha influencia directa na saúde da poboación traballando conxuntamente entre sectores e contando coa participación da cidadanía.

Tras esta exposición a concelleira de Benestar Social, presenta, para o seu debate e aprobación polo Pleno da corporación, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar a adhesión á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (SNS), segundo figura na guía para a implementación local da Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no SNS

2. Realizar por parte do alcalde, ou persoa en quen delegue, unha declaración institucional ou presentación pública dirixida á cidadanía onde se publicite o compromiso municipal de adhesión á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no SNS.

3. Designar unha persoa coordinadora para a implementación local da Estratexia.

4. Avanzar na constitución dunha mesa intersectorial no municipio como instrumento de colaboración entre sectores para gañar saúde nun marco de saúde en todas as políticas.

5. Facilitar á poboación información dos recursos comunitarios dispoñibles para mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas que forman parte da comunidade.



6. Realizar os trámites oportunos para a adhesión formal á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (SNS), dando traslado deste acordo ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e á Federación Española de Municipios e Provincias.

A Proposta recibe os votos favorables do PP (2) e as abstencións de BNG (1), PS de GA – PSOE (1) e Concelleiro non adscrito (1).”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira Amoedo Dasilva xustifica a moción no seus propios termos.

O concelleiro Fojo Duran considera que a axuda na que se enmarca a proposta é xeralista e propagandista.

Votarán a favor polo beneficio das medidas que resultarían.

O concelleiro González Campo considera que é a comunidade autónoma a que ten as competencias no eido social e de saúde e que debe asumir o 100% do gasto relacionado coas citadas competencias.

Considera que se propón campañas fomentando hábitos saudables cando a dinámica é totalmente en contra, con hábitos de vida de consumo e contaminación. Debería, neste senso, valorarse a incidencia na contaminación do aeroporto e as liñas de alta tensión.

Considera a proposta pouco ambiciosa e ve moita escuridade.

O concelleiro Covelo Miguez inicia a súa intervención criticando as presas que, como é costume, levaron á ditaminar o asunto que está a debaterse, cando poderían habelo feito co tempo e informando aos diferentes grupos con antelación suficiente, tendo en conta que dende maio a axuda estaba publicada.

Por outra banda, o orzamento supón unha subvención pequena cando entende que debe ser a comunidade autónoma competente a que asumira o financiamento do 100% da actuación.

A estratexia xa leva tempo, dende maio, e a empresa para realizar o proxecto xa esta seleccionada.

Hai unha previsión de 2.000 euros por outros conceptos e queren saber en qué conceptos se va a gastar.

É unha cuestión de sanidade e o concello ten unha concelleira de Sanidade, por que vai para servizos sociais?, quen seria a coordinadora a que se refire a proposta?.



A concelleira Rivas Gómez critica as presas na adopción dun acordo que podería haberse proposto hai tempo xa que dende maio se coñecía a estratexia .

Considera que a proposta quedará na adopción dun acordo, e compromiso pero considera que, como a maioría de estratexias e convenios que se traen a este pleno, logo non se executara.

Respecto ás cantidades, o considera pouco ambicioso, xa que se trata de 1.600 euros para gastar en panfletos.

Remata manifestando que se trata, en todo caso, dunha competencia da Xunta de Galicia

A concelleira Amoedo Dasilva resposta que o que a oposición chama “panfletos” son folletos divulgativos de hábitos saudables para mellorar o día a día da poboación o que considera beneficioso para os veciños.

Ao sr. González e á sra. Rivas respostalles que cando coñeceron a axuda se puxeron a traballar na proposta e di que o que lles molesta e que se fagan iniciativas.

Ao sr. Covelo lle di que se tramitou a subvención en base a convocatoria seguindo o procedemento e, respecto ao escurantismo, dille que esta toda a documentación a súa disposición no expediente .

O concelleiro González Campo considera que a sra. Amoedo non clarexa nada ao respecto deste asunto e considera que os hábitos saudables deben ser promocionados máis ala de folletos, neste senso poderían promocionar os roteiros, o mercado de Redondela para o consumo de produtos saudables, as bicicletas.

Engade que o goberno non ten criterio, nin proxecto para Redondela e iso é tirar cos cartos.

O entroido de verán e un exemplo de promoción dos hábitos saudables e podería ser reconducido neste eido en lugar do carnaval que promociona o goberno e que se converte nun macrobotellón.

O concelleiro Covelo Miguez aplaude a iniciativa do sr. González de converter o carnaval nun evento para promocionar os hábitos saudables.

Sigue considerando que é unha cuestión da concelleira de sanidade e que poderían haber accedido con mais tempo a documentación ao día seguinte desta estratexia.

Das preguntas que fixo non lle respostan.



Considera que hai outras actuacións neste eido máis interesantes que non obtén o interese do goberno tales como a eliminación das barreiras arquitectónicas, a cidade de nenos, reducir as listas de espera de servizos sociais, a dinamización da mesa sectorial

A concelleira Rivas Gómez reitera o manifestado no senso de que o goberno asina convenios e adopta estratexias que quedan baleiras de contidos tales como o plan estratéxico de xuventude (se contratou unha empresa e non hai nada), o plan de igualdade onde se gastaron 1.700 euros en mandiles.

A concelleira Amoedo Dasilva considera que, coma sempre, a oposición converte algo positivo en negativo.

Clarexa que a concelleira de benestar social comprende máis cuestións que servizos sociais xa que dende este departamento están todos os datos que se precisan para detectar as problemática de hábitos saudables.

Engade que o sr. González non ten criterio e clarexa que o goberno ten un cronograma do que van facer na súa aposta polos hábitos saudables e, neste senso, no que respecta ao carnaval de verán, por primeira vez, se prima na poxa a instalación de barra sen alcohol.

A sra Rivas dille que debería presumir do concello de Redondela e non da Deputación e recórdalle que é deputada porque é concelleira e debe presumir do concello.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da proposta da Alcaldía relativa á aprobación da adhesión á Estratexia de Promoción da saúde de Prevención no sistema Nacional de Saúde (SNS).

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por maioría dos concelleiros do Pleno, sendo 16 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE e 1 do concelleiro non adscrito), 4 votos en contra (de AER) e 1 abstención do BNG, do seguinte xeito:

1. Aprobar a adhesión á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (SNS), segundo figura na guía para a implementación local da Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no SNS
2. Realizar por parte do alcalde, ou persoa en quen delegue, unha declaración



institucional ou presentación pública dirixida á cidadanía onde se publicite o compromiso municipal de adhesión á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención no SNS.

3. Designar unha persoa coordinadora para a implementación local da Estratexia.

4. Avanzar na constitución dunha mesa intersectorial no municipio como instrumento de colaboración entre sectores para gañar saúde nun marco de saúde en todas as políticas.

5. Facilitar á poboación información dos recursos comunitarios dispoñibles para mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas que forman parte da comunidade.

6. Realizar os trámites oportunos para a adhesión formal á ESTRATEXIA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E PREVENCIÓN NO SISTEMA NACIONAL DE SAÚDE (SNS), dando traslado deste acordo ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e á Federación Española de Municipios e Provincias.

12. Actividades de control do pleno.

12.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado das resolucións da alcaldía a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Xestiona.

12.2. Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

12.3. Mocións

12.3.1. Moción do GPM de AER sobre o regulamento e ordenanzas do servizo de abastecemento e saneamento.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo AER do día 19/07/2017 con número 10.753 que se transcribe a continuación:

“Nas últimas datas atopámonos con varios casos nos que, debido á pouca claridade do regulamento sobre abastecemento e saneamento de auga deste Concello, estanse dando atrancos na resolución de conflitos coa empresa concesionaria do servizo. Falamos de Aqualia.

Un dos casos máis coñecidos é o de querer darse de baixa do servizo, onde o caso dun usuario saíu reflectido en diversos medios de comunicación.

No xornal “A Voz de Galicia”, o 16 de abril de 2017 recóllese textualmente:



"O goberno local de Redondela analizará coa empresa concesionaria Aqualia cal é o tempo medio de resposta para tramitar una baixa do servizo de Abastecemento e Saneamento, e tamén abordará os pormenores na xestión. A voceira do goberno municipal, a tenente de alcalde María del Carmen Amoedo, manterá una reunión coa empresa concesionaria para abordar estas cuestións.

Amoedo pensa que o caso denunciado por un cidadán que tivo que agardar seis meses para poder darse de baixa mentres lle seguían cobrando un servizo que non recibía "pode que non sexa a regra xeral, polo que temos que ver o tempo medio que custa á maioría dos cidadáns para comprobar se efectivamente son seis meses de tramitación ou é un prazo máis curto. De calquera xeito, a Amoedo non lle parece esaxerado un prazo de seis meses para darse de baixa, dado o traballo acumulado que teñen a Administración e as empresas concesionarias[...]"

A pesar que o prazo non lle parece esaxerado ao grupo de goberno do PP, a nós si nolo parece. Este non é o maior problema, o maior problema é neste caso que tanto dende a empresa concesionaria como dende o Concello se informa á veciñanza que quere facer este tramite que o regulamento non o permite.

Consideramos que este problema vén por unha falta de claridade no regulamento, xa que non ten recollido de xeito explícito o dereito a darse de baixa do servizo, pero si se recoñece que pode dar lugar a baixa do servizo si non se pagan dous recibos.

Tamén no caso de certos cobros que efectúa Aqualia (alta do servizo, fugas ocultas...) non atopamos nas ordenanzas os correspondentes prezos a aplicar. Estes prezos deberían estar recollidos na correspondente ordenanza fiscal, xa que son prezos públicos.

A pesar que pedimos por escrito que se celebrara a comisión correspondente para tratar estes temas, a día de hoxe atopámonos coa calada por resposta; o único que sabemos do tema foi o publicado en prensa.

Sabemos que a potestade de convocar as correspondentes comisión recae no equipo de goberno, pero visto que non se convocan, temos a obriga de traer esta moción a pleno coa intención de estudar unha mellora deste regulamento e destas ordenanzas, tanto nos temas expostos como noutros que se poidan atopar ao longo do estudo.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos o pleno o seguinte acordo:

- Instar o goberno municipal que convoque as comisións correspondentes para a revisión dos regulamentos e ordenanzas fiscais do servizo de auga e saneamento."

INTERVENCIONS:

O concelleiro Crespo Abal da lectura literal do texto da moción obxecto do debate.



O concelleiro Fojo Duran manifesta o seu apoio á moción

Da lectura literal do artigo 11 da ordenanza fiscal e recorda que o PCAP que rexe a concesión explicita a obriga do cumprimento das leis na concesión administrativa do servizo.

Considera que seis meses para ditar unha resolución constitúe unha práctica incorrecta.

O concelleiro González Campo sinala que tamén é coñecedor de situacións de baixa no servizo que non tiveron á mesma incidencia que a sinalada no texto da moción.

Apoia a celebración das comisións de seguimento pero teme que sexan aproveitadas polo goberno para incrementar as taxas.

O concelleiro Reguera Ocampo, sinala que, aínda que o texto que se debate teña a estrutura de moción, lles parece máis un rogo

A concelleira Amoedo Dasilva considera que o sr González fala a destempo e mestura todo . Ao sr Crespo respóstalle relacionando polo miúdo os feitos que resultan da tramitación da solicitude do veciño ao que alude a moción e sinala que o mesmo dispoñía xa o 23 de setembro da primeira resolución denegatoria, é dicir, a súa solicitude foi expresamente contestada, dous días despois de presentala.

Logo formulou, o recurso de reposición que lle foi contestado no mesmo mes Os tempos están e se poden comprobar no expediente pero cada caso é distinto e non se da noutros a mesma casuística.

Remata manifestando que as cotas da taxa de mantemento son iso e se deixaran de pagarse sería insostible o mantemento do servizo.

O concelleiro Crespo Abal recoñece que se trata de un rogo pero tras intentar, sen éxito, recibir respostas do goberno, tiveron que plantexala como moción para poder ser debatido.

Engade que o caso exposto na moción non é único e recoñece contradicións entre o texto da ordenanza fiscal, onde non figura regulada a baixa no servizo, e o texto do regulamento do servizo que prevé a posibilidade de baixa. Por outra banda as acometidas e o cadro de tarifas non figura regulado na ordenanza e sen embargo a empresa concesionaria cobra por ela.

Considera que a problemática ao respecto da xestión do servizo é variada e debe ser tratada en pleno.



O concelleiro Fojo Duran anuncia o seu apoio á moción.

O concelleiro González Campos anuncia o seu apoio á moción e recoñece a existencia de contradicións que non foron advertidas no ano 2014.

O concelleiro Reguera Ocampo manifesta o apoio á moción.

A concelleira Amoedo Dasilva engade, no que se refire a tramitación da solicitude do veciño que, entre novembro e febreiro, non hai tramitación do interesado e a administración deulle resposta. Se contestou de forma rápida.

Respecto á actuación de Aqualia sinala que é unha concesionaria e debe cumprir un contrato e, neste senso, a base xurídica da resolución fala da normativa de aplicación para a resolución.

Remata manifestando o seu apoio a moción.

O concelleiro Crespo Abal remata manifestando que non dixo que non se respostara ao usuario senón que falan da necesidade de revisión do regulamento e do cadro de tarifas contido na norma municipal.

Na ordenanza se recoñece a baixa e non na ordenanza fiscal e non existe tratamento diferenciador entre as augas domesticas e non domesticas cando a natureza das actuacións o esixe.

Non producíndose máis intervencións ó respecto, pola Alcaldía sométese a votación ordinaria, nominal e a man alzada, a aprobación da moción do grupo AER sobre o regulamento e ordenanzas do servizo de abastecemento e saneamento.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, a proposta resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros do Pleno, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 do concelleiro non adscrito).

12.4 Rogos e preguntas.

ROGOS:



Rogo AER relativo varios asuntos mes de xullo 2017. (Rex. Entrada 19.07.2017, 2017-E-RC-10.754).

“1.- Sobre os xoguetes no almacén do Multiusos de Redondela

Visto que no almacén (Espazo 04) situado no Espazo do Multiusos de Redondela están depositados diversos xoguetes de segunda man e novos doados pola veciñanza de Redondela. Visto que algúns xa foron recentemente distribuídos.

Rogamos do goberno local que considere a posibilidade de doar lotes de xoguetes educativos cando queden en remanente, a escolas do concello que teñan etapa infantil.”

Resposta:

O Alcalde: se seguen repartindo dende servizos sociais

“2.- Sobre o cumprimento da moción sobre pictogramas

No pleno ordinario do 29 de setembro de 2016 aprobouse a moción presentada por AER sobre SINALIZACIÓN CON PICTOGRAMAS DE ESPAZOS PÚBLICOS cos seguintes acordos:

1.- Sinalizar con pictogramas os edificios, dependencias, instalacións e espazos públicos do Concello de Redondela. (Posibles: Casa do Concello; Biblioteca; Auditorio; Parques Infantís; Colexios; Piscinas; Pavillóns e Instalacións deportivas; Aparcadoiros; Policía Local; Multiusos; Mercados; Oficina Emprego; Casetas e Puntos de Información; Cuartos de baño...)

2.- Crear unha mesa de traballo para estudar a liña a seguir para a execución deste acordo, trala súa aprobación, onde ademais dos grupos políticos participen asociacións, colectivos e/ou profesionais con coñecementos e experiencia na materia, e que queiran participar e colaborar nesta iniciativa.

3.- Solicitar ao Concello que, á súa vez, se coordine cos demais organismos oficiais con dependencias en Redondela para que colaboren con esta iniciativa de sinalización con pictogramas nos seus espazos no noso concello. (Centro de saúde; Albergue peregrinos (casa da torre); Xulgados, Policía Nacional, INSS, Servizo Galego de Colocación, SEPE, ...)”

Un vez transcorrido máis que tempo prudencial, rogamos que de xeito inmediato de dea cumprimento a esta moción e se informe dos pasos xa dados ao respecto e máis dos vindeiros pasos que o goberno local ten intención de dar para a súa pronta execución.”

Resposta:

A concelleira Amoedo: inicialmente se falou coa asociación de Redondela e se falou cunha en concreto que esta levando unha labor importante na zona de Val Miñor para mostrarlles o que fan e puideran vir a esta mesa de traballo para ver os pasos que están dando para que sexa útil.



O Alcalde toma nota.

“3.- Sobre a adecuación da música e megafonía nas zonas de atraccións

Cada vez que se celebran en Redondela as festas do Choco e da Coca habilitase un espazo para as atraccións de feira. Neste espazo é habitual que o son dos altavoces e da megafonía das atraccións sexa moi elevado, superando con case a total seguridade os niveis legais permitidos. Cabe engadir que a mestura de músicas diferentes e o alto volume resulta tanto incómodo e molesto para a veciñanza como para os usuarios. Moitos veciños están seguros que regulando o volume das megafonías da zona de atraccións obterase un beneficio dobre: maior tranquilidade para os residentes e un maior uso das atraccións ao dotarse da área dun nivel sonoro en nivel de confort.

Rogamos que o goberno local tome as oportunas medidas para regular o volume das megafonías e música da área de atraccións durante as festas tanto do Choco como da Coca, ou outras similares que se puidesen celebrar no futuro.”

Resposta:

O Alcalde resposta que lle consta o malestar. Na festa de choco se comprobou que na zona dunha das atraccións facían caso omiso da policía e nas da Coca xa non existían estas reclamacións tan insistentes.

“4.-Sobre espectáculos con animais:

No pleno de 27 de decembro de 2014 o pleno do Concello de Redondela acordou de forma unánime prohibir a instalación de “circos e atraccións que utilicen animais nos seus espectáculos”. Así mesmo publicouse un mes despois un Bando facendo pública esta decisión.

Sen embargo ano tras ano vemos no noso concello publicidade referida as touradas que se levan a cabo no concello de Pontevedra. Entendendo dende AER que este tipo de prácticas deberan de estar erradicadas totalmente.

Rogamos que a prohibición dos espectáculos con animais se faga extensible a calquera tipo de publicidade referida a estes espectáculos que se pretenda facer dentro noso término municipal.”

Resposta.

O Alcalde fixo consulta xurídica e non é doado o que se profundizará.

Rogo AER relativo ao Valedor Veciñal. (Rex. Entrada 26.07.2017, 2017-E-RC-11.012).



“1.- Sobre o Valedor Veciñal

O Regulamento Municipal de Participación da Veciñanza do Concello de Redondela do ano 1994, vixente na actualidade, no seu artigo 14 establece:

Regularase a institución do Valedor Veciñal como comisionado do Concello para a defensa dos dereitos da veciñanza, comprometidos neste título; para o seu efecto poderá supervisa-la actividade da Administración municipal, dando conta ó Concello, sendo tamén función súas a cooperación con Concello. O seu Regulamento específico e a súa elección adoptaranse por acordos plenarios.

Rogamos ao goberno local que transcorridos vinte anos, tempo máis que suficiente, dea cumprimento ao artigo 14 creando a Institución do Valedor Veciñal, iso si, cun carácter totalmente independente e neutral.”

Resposta:

O alcalde: Toma nota (se falará en Xunta de Voceiros)

Rogo PSdeG-PSOE relativo a reposición da barreira de boias da Praia da Punta. (Rex. Entrada 26.07.2017, 2017-E-RE-370).

“A barreira de boias que delimita a zona de baño na Praia da Punta atópase en mal estado, faltando moitas das que compoñen esta baliza. Cabe lembrar que a barreira de boias é unha medida de seguridade para os bañistas nesta praia que ten un tránsito bastante importante de embarcacións ademais de que practicase deportes como windsurf ou kitesurf.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

A reposición da barreira de boias da Praia da Punta”

Resposta: Álvarez. Non son moitas as boias que faltan.

Toma nota.

Rogo PSdeG-PSOE relativo a colocación de máis sinais de advertencia peóns na Senda da Auga. (Rex. Entrada 26.07.2017, 2017-E-RE-369).

“Moitas das persoas que transitan pola Senda da Auga, trasladaron queixas ao PSdeG-Redondela pola situación de peligrosidade na que se atopan os peóns debido ao tránsito de bicicletas, motos, quads... Agravado porque no tramo que vai dende Santo Estevo de Negros ata Cedeira só hai unha sinal de advertencia peóns.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

A colocación de máis sinais de advertencia peóns na Senda da Auga”



Resposta:

O Alcalde: recoñece que os coches transitan pero descoñece que transiten quads

PREGUNTAS:

Preguntas AER relativo varios asuntos mes de xullo 2017. (Rex. Entrada 26.07.2017, 2017-E-RC-11.013).

“1. – Regulamento dos Consello parroquiais

Despois dun dilatado e interminable proceso para a elaboración dun novo regulamento dos consellos parroquiais municipais.

Para cando poderemos contar co borrador final da proposta da modificación do regulamento?”

Resposta.

O sr. Álvarez Ballesteros: No mes de setembro.

“2. – *Pregunta censo artistas redondeláns*

No pleno do 26 de novembro de 2015 aprobouse a moción sobre a promoción de grupos e artistas locais, sendo o primeiro dos acordos o seguinte:

- *Elaboración por parte do Concello dun CENSO DE ARTISTAS REDONDELÁNS: grupos musicais, solistas, grupos de teatros escolas de danza, grupos de títeres, bandas de música, corais, agrupacións tradicionais, artistas plásticos diversos, etc. que conte con información de contacto dos artistas e a súa catalogación e breve descrición da súa actividade. O censo manterase debidamente actualizado, facéndose público e accesible a toda a veciñanza a través da web municipal, dándolle a oportuna difusión entre os programadores de eventos tanto internamente no concello de Redondela como externamente.*

Preguntamos á Concelleira de Cultura, deuse cumprimento ao acordado sobre o censo de artistas redondeláns?”

Resposta:

A sra. Paris Blanco: Esta moción non se apoiou polo goberno e consiera que os argumentos dados naquela sesión plenaria continúan vixentes. Engade que dende o concello se traballa en colaboración e sen problema cos grupos locais e non se pode facer do concello unha especie de axencia

“3. – *Pregunta convenios coa administración local*

No pleno do 26 de decembro de 2016 aprobouse a moción o regulamento para os convenios coa administración local, sendo o acordo o seguinte:



Elaboración dun regulamento que defina un procedemento xusto, universal, regulado e obxectivo para a canalización de propostas de convenios, a composición dunha comisión plural para a avaliación das propostas, o establecemento de criterios baremables que establezan o interese xeral, entre outros aspectos, todo isto de cara ao establecemento de convenios da administración local con terceiras persoas, tanto físicas como xurídicas.

Estando a piques de entrar no tramo final do ano e xusto no momento en que tocará traballar sobre os convenios para o ano 2018, tendo constancia que hai entidades que xa preguntaron sobre o regulamento que en Redondela rexen os convenios e como acceder a elas, preguntamos:

Conta o goberno local cunha proposta de regulamento sobre os convenios coa administración local, e de ser así, poderían proporcionar copia do mesmo?"

Resposta:

A sra Amoedo Dasilva: Nas xuntanzas para esta cuestión a conclusión era que dado o especial de cada colectivo co que se facía estes convenios se trataría de falar con cada un de les para aumentar a formación. Non se falou de regulamento e non sobre as áreas sociais senón as deportivas para ter un modelo para todas igual.

"4. – Pregunta sobre o consello parroquial de Chapela

No pasado consello parroquial de chapela do 19 de xullo aconteceu unha situación insólita que dende AER invalida a lexitimade de susodito consello ao impedir a entrada a sesión deste foro consultivo a diferentes veciñas da parroquia como público. Sendo este un foro de participación cidadá resulta increíble que se tomen medidas de censura de tal calibre, polo que dende AER denunciámos esta situación de secuestro e manipulación deste consello parroquial por parte do goberno local. Os consellos parroquiais son foros da veciñanza para achegarse ao concello, non reunións privadas e privativas, polo que o acontecido o pasado 19 de xullo é inexplicable e intolerable.

No regulamento de Consellos Municipais Parroquias aprobado no ano 2000 non se recolle indicación algunha pola que se prohiba a libre asistencia da veciñanza aos consellos parroquiais, e aínda que se recollera, nin este regulamento nin ningunha decisión unilateral poden contradicir unha lei superior. Así pois, na LEI 5/1997 REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA indícase no punto 1 do seu artigo 253:

*As sesións do Pleno das Corporacións Locais serán públicas. Sen embargo, poderán ser secretos o debate e a votación de aqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns [...] *Serán tamén públicas as sesións dos órganos de participación.**

Non sendo suficiente isto, no propio Regulamento Municipal de Participación da Veciñanza do Concello de Redondela do ano 1994 e vixente na actualidade, indícase:

Limiar: A Constitución Española de 1978 expresa que:

- Correspóndelles ós poderes públicos facilitala participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.*



Título 1.- dos Dereitos Veciñais. Artigo 9 – A que o Concello: 1.- Promova, fomente e propicie o papel activo do vecindario, sen que poida establecer ou prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Dende AER levamos tempo revindicando que todos os Consellos Parroquiais sexan sempre públicos, podendo asistir como público aqueles veciños e veciñas que o desexen, podendo coñecer de primeira man os debates e as consultas entre o goberno local, os grupos políticos e os seus representantes veciñais en asuntos que lles son de interese.

Preguntamos ao Sr. Alcalde, que opinión ten do acontecido no último consello parroquial de Chapela e que medidas vai adoptar dende xa para que non se impida a entrada da veciñanza en todos e cada un dos consellos parroquiais que existen no concello de Redondela?”

Resposta:

O sr. Álvarez Ballesteros: Os consellos parroquiais están formados polos membros que establece o regulamento municipal. Clarexa que naquela sesión entraron persoas que non eran membros polo que, ao non ter permiso para estar alí, o pleno dixo que non aceptaban a súa presenza e se lles invitou a saír.

Considera que o regulamento debe prever a súa asistencia e non o fan. As persoas viñeron como representantes da AMPA que xa estaba representada. En setembro, cando se faga o novo borrador, se tratarán estes temas.

Preguntas PSdeG-PSOE relativo ao mantemento do paseo a Portela. (Rex. Entrada 26.07.2017, 2017-E-RE-367).

“O paseo ata A Portela ten unha lonxitude superior a un quilómetro e comunica a zona máis céntrica de Redondela coa Punta Socorro, na Portela. En 2010, dita actuación foi aprobada en pleno por todos os partidos e tivo un custe de 752.190 euros, obtidos mediante Fondos Europeos.

Este paseo non só é concorrido os fins de semana por ser unha zona de espaxemento, senón que dá seguridade aos habitantes da zona que antes tiñan que ir camiñando pola estrada.

Dende hai anos, esta zona está bastante abandonada pola falta de mantemento. Ocasionalmente que as fontes non teñan auga e nin sequera grifos, falten máis da metade de luces, tablóns rotos, maleza que sobre case todo o paseo... Chegando ata tal punto que moitos tramos só teñen a iluminación da estrada e non a propia do paseo.

PREGUNTAS:

Cando ten pensado o Goberno Municipal do PP iniciar o mantemento do Paseo da Portela? Está estimada algunha actuación para o reforzo da madeira?”



Resposta:

A sra. Barciela Barros: O paseo non está abandonado xa que se desbrozou hai dous meses. Ten alumeado, os báculos do paseo son outros, traballando de forma periódica en labores de mantemento e hai un electricista mantendo a instalación.

Lles invitan a ir. As incidencias nas luminarias respostan na maior parte das veces a actos de vandalismo. A madeira non esta mal e se repón habitualmente.

13. Renuncia ao seu posto de concelleiro Jose Bernardo Crespo Abal

Visto o escrito de renuncia presentado con rexistro de entrada o día 21/07/2017, 2017-E-RC-10.898 polo concelleiro José Bernardo Crespo Abal de AER, renunciando á súa condición de concelleira, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral, JAVIER BASTOS DEVESA.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-